

# **Guía breve para a elaboración dos Traballos de Fin de Grao**

## **Facultade de Xeografía e Historia**

### **Comisión de Calidade (19/11/2021)**

*Tempo de lectura do documento: menos de 3 minutos*

1. **Obxectivo do TFG.** O TFG consistirá na elaboración dun traballo no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Grao. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación.

O TFG supón a realización por parte de cada estudante e de forma individual dun proxecto, memoria ou estudo orixinal baixo a supervisión dun ou máis titores académicos, no que se integren e desenvolvan os contidos formativos recibidos, capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante os estudos de Grao.

2. **A estrutura.** A Memoria presentada amosará o traballo desenvolvido polo estudante. A Facultade poderá establecer un formato común para algúns dos elementos da Memoria, particularmente, portada e primeira folla. En calquera caso, deberá adoptar, de forma aproximada, a seguinte estrutura:

- Portada na que figuren (formato papel e formato electrónico): denominación do Grao, título do traballo, nome completo de autor/a, director/a, departamento ao que está adscrito o/a director/a, e curso académico correspondente.
- Índice dos capítulos e apartados.
- Abstract ou resume (unhas 200 palabras) nas linguas oficiais da Universidade e en inglés.
- Palabras chave (5) nas linguas oficiais da Universidade e en inglés.
- Introducción
- Contidos
- Bibliografía consultada

3. **O formato.** A extensión máxima, de xeito orientativo, do TFG será no Grao de Historia de 55.000 caracteres (ca. 30 páxinas), e nos Graos de Xeografía e Ordeación do Territorio e Historia da Arte de 75.000 caracteres (ca. 40 páxinas), nos que non se incluírán os anexos.

1. Tamaño del papel: DIN A4.

2. Tamaño de fonte: 12 pt

3. Interlineado: 1'5 li.

4. Alineación dos parágrafos: xustificada.

5. Marxes: Superior e inferior 3'5 cm., derecha e esquerda: 3 cm.

6.- Notas a pé de páxina, pés de foto y gráficos

Tamaño de fonte: 10 pt.

Interlineado: Exacto

7.- Citación (recomendada)

Normas Apa:

[https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ffp/de-scargas/Normas\\_APA.pdf](https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ffp/de-scargas/Normas_APA.pdf)

8.- Encadernación sencilla: espiral, ect.

#### **4. Recursos da Biblioteca**

<https://rebusca.usc.gal/Prepara-o-TFG-TFM>

<https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/xeohisto/formacion.html>